

## **DECRETO DA ALCALDÍA**

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2007

A Lei 4/2004, do 28 de xuño, para a aplicación aos Concellos de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela do réxime de organización dos municipios de gran poboación establece no artigo 1 a aplicación a estes concellos do réxime de organización previsto no título X da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, que se aplica ao Concello de Santiago de Compostela, no que respecta ás súas normas de aplicación directa desde o 1 de novembro de 2004 segundo acordo do Pleno da Corporación do 28 de outubro de 2004.

Polo que, logo de constituída o pasado 16 do mes que andamos a nova Corporación municipal como consecuencia das eleccións celebradas o pasado 27 de maio, e en exercicio da competencia que me outorga o artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

### **RESOLVO:**

Nomear delegados desta Alcaldía e membros da Xunta de Goberno Local aos oito primeiros que a seguir se relacionan, e a todos eles delegados desta Alcaldía coas facultades de dirección e xestión dos servizos que ao final se sinalan:

Tenente de Alcalde, don Néstor Rego Candamil, Concelleiro Delegado de Cultura e Centros Socioculturais.

Dona Mar Martín García, Concelleira Delegada de Benestar Social e Muller.

Don Bernardino Rama Seoane, Concelleiro Delegado de Obras e Infraestructuras. Delegado de Relacións Veciñais.

Dona Mercedes Rosón Ferreiro, Concelleira Delegada de Urbanismo e Vivenda.

Dona Josefina Elvira Cienfuegos López, Concelleira Delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel.

Don Andrés Fariña Cadenas, Concelleiro Delegado de Facenda e Orzamentos. Delegado de Deportes

Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales, Concelleira Delegada de Mobilidade e Seguridade Cidadá. Delegada de Servizos (excepto auga e saneamento).

Don Xosé Manuel Iglesias Iglesias, Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo.

Don José Ángel Baqueiro Canabal, Concelleiro Delegado de Mocidade e Festas. Delegado de Sanidade e Consumo.

Dona Rosa Fernández Somoza. Concelleira Delegada de Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa.

Don Francisco Candela Castrillo, Concelleiro Delegado de Transportes e Mercados.

Dona Socorro García Conde, Concelleira Delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica.

Dona Guadalupe Rodríguez Silva, Concelleira Delegada de Educación e Normalización Lingüística.

A delegación da Alcaldía inclúe, de acordo co previsto no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as seguintes competencias:

- a. Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou áreas respectivas.
- b. Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes dentro dos límites que estableza a Xunta de Goberno Local e as Bases de Execución do Orzamento.
- c. Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicábel.
- d. Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
- e. Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
- f. Cada concelleiro/a terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.
- g. No referente á sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/as concelleiros/as será efectuada polo Alcalde, titular ou accidental, polo/a Concelleiro/a de Urbanismo ás relativas á área de Urbanismo, polo/a Concelleiro/a de Facenda ás relativas á área de Facenda e con carácter xeral polo Tenente de Alcalde.

Destá resolución darase conta ao Pleno da Corporación e notificarase aos interesados. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do ROF.

O Alcalde,